



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

ACORDO do 5 de maio do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello da Lugo. (Expediente IN 407A 2022/86-ATE)

Con data 13 de maio do 2024 o Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria ditou Resolución pola que se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica LAT 20 kV e CT Vilamoure no termo municipal de Lugo, e que promove Begasa.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Lugo deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 12 de marzo do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo do 2024, para que comparezan o día **26 de xuño do 2025 no Concello de Lugo** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 5 de maio de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Ref. Catastral	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Titular proposto	Data Actas	Hora
1	27900A138008560000SI	138	856	Vilamoure	Monte baixo	José Antonio Rodríguez López Fernando Rodríguez López María Luisa Rodríguez López Margarita Rodríguez López	26.06.25	10.00 h

R. 1271

Anuncio

ACORDO do 7 de maio do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello da Lugo. (Expediente IN 407A 2022/95-ATE)

Con data 13 de maio do 2024 o Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria ditou Resolución pola que se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica *Soterramento de tramo de LAT 20 KV Aguas en Chaos* no termo municipal de Lugo, e que promove Begasa.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Lugo deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 12 de marzo do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo do 2024, para que comparezan o día **26 de xuño do 2025 no Concello de Lugo** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 7 de maio de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Ref. Catastral	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Titular proposto	Data Actas	Hora
1	27900A03100125	31	125	Soilán	Monte baixo	Hros de Manuel Varela Varela (rpte María Jesús Varela Rego)	26.06.2025	11.00 h

R. 1272

CONCELLOS

CASTROVERDE

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE CONSERXE DE COLEXIO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXTE. 126/2025

Por acordo da xunta de goberno local adoptado en sesión ordinaria do día 7 de maio de 2025 aprobáronse as bases e a convocatoria para a realización dun proceso selectivo, mediante oposición, para a confección da bolsa de emprego para o posto de conserxe de colexio e outras instalacións municipais, que textualmente di:

Visto que a titular do conserxe de colexio público e instalacións municipais vaise a xubilación en xullo de 2025, e considerando preciso a creación dunha nova bolsa, para posibles eventualidades

Tendo en conta as atribucións de alcaldía do artigo 21.1. da Lei de Bases de Réxime Local, e as competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente na Xunta de Goberno Local por Resolución de alcaldía de data 5 de xullo 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para o nomeamento de funcionario interino por vacante e formación dunha bolsa de traballo de CONSERXE para posibles substitucións, vacacións ou cobertura de baixas, e vacantes entre outras circunstancias.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios e darlle maior difusión a través da páxina web e redes sociais.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE CONSERXE DE COLEXIO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXTE. 126/2025.

1.- Obxecto da Convocatoria

É obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección dun funcionario interino por vacante (xubilación da titular) para o posto de traballo de conserxe do Colexio e outras instalacións municipais

O sistema selectivo será o de oposición libre e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do concello de Castroverde (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.2>) e na páxina web do concello de Castroverde (<https://concellodecastroverde.gal/>)

O resto de actos do proceso que deban ser obxecto de publicidade serán publicados na sede electrónica municipal no taboleiro de edictos.

As características do posto son:

Denominación	Conserxe
Grupo	AP
Escala	Administración Xeral
Subescala	Subalterna
Natureza	Funcionarial
Sistema de selección	Oposición
Turno	Libre

2.- Funcións do posto

- Vixilancia e custodia interior e exterior de edificio.
- Apertura e peche de edificio, efectuando os controis oportunos en cada caso en relación coa iluminación, calefacción, portas, fiestras, biombo do salón, medidas de seguridade ou de alarma, presenza de persoas, etc..
- Control de acceso de persoas ao edificio.
- Facer garda do transporte escolar á entrada e saída do alumnado
- Informar e, no seu caso, acompañar ao público en xeneral.
- Recollida e entrega diaria do correo. Distribución de correspondencia, documentación e obxectos entre as distintas dependencias e persoal do centro (profesorado, alumnado,...)
- Custodia de chaves.
- Recollida e traslado de material, mobiliario e enseres.
- Manexo de máquinas fotocopiadoras, encadernadoras, plastificadoras, etc.
- Control de instalacións (ascensores, calefacción, extintores).

- Reparacións sinxelas de fontanería, sanitarios, electricidade; partes de avarías eléctricas ou doutro tipo e comunicación de anomalías.
- Control e repartición de material e reposicións do material e, en caso necesario, ir ao establecemento a polos subministros necesarios.
- Revisión e mantemento da caixa de primeiros auxilios, do mobiliario, maquinaria e instalacións ubicadas no interior ou exterior do edificio e do seu entorno.
- Limpeza do patio exterior e mantemento dos xardíns e plantas do centro
- Todas aquelas funcións propias da súa categoría que, previamente instruído, no seu caso, se lle encomenden polo responsable municipal ou, no seu caso, o equipo directivo do centro.

3.- Retribucións.

Dita praza atópase dotada orzamentariamente no vixente orzamento municipal coas retribucións anuais correspondentes ao Grupo AP establecendo:

- Salario base: 656,23/mes
- Complemento de destino (nivel 14): 364,97/mes
- Complemento específico anual: 407,87/mes

Así mesmo, se establece unha gratificación de 140 euros ao mes pola apertura e peche do mercado gandeiro (2 veces ao mes)

4.- Xornada de traballo. Completa, de 9:00 a 16:30 de luns a vernos.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os/as aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o desenvolvemento do proceso selectivo, os seguintes requisitos:

- **Nacionalidade:** Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- **Idade:** Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica co desempeño das correspondentes funcións asignadas ao posto.
- **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- **Titulación:** certificado de escolaridade/equivalente ou superior.
- Posuír a **capacidade funcional** para o desempeño das correspondentes funcións.
- **Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**, en virtude do artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento do nomeamento.

6.- Instancias.

6.1. Modelo de solicitude

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar a súa solicitude no modelo oficial de instancia (Anexo I), que estará a disposición dos/as interesados/as nas dependencias administrativas (servicio de rexistro) e na sede electrónica do concello.

Dita instancia irá dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base quinta da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI en vigor do/a aspirante.

- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, adxuntarase o CELGA 2 ou superior para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.
- Certificación Negativa do Rexistro Central de Delincuentes sexuais

6.2. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. A non presentación da solicitude en tempo e forma, suporá a inadmisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

6.3. Medio de presentación.

As instancias serán presentadas presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, ou a través da sede electrónica do concello, ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se cursen a través das oficinas de correos, deberán facerse de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais, (presentarase en sobre aberto, para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas) facendo constar no sobre a referencia seguinte: "Concello de Castroverde. Proceso selectivo. Convocatoria Conserxe do CEIP."

Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico info@concellodecastroverde.com durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

6.4. Erros nas solicitudes.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

6.5. Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.6. Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento da persoa solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva.

Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na sede electrónica municipal para todo o relacionado co proceso selectivo.

A autoridade convocante, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer as persoas aspirantes, para os efectos procedentes.

7.- Admisión das persoas aspirantes.

7.1. Listaxe provisional.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia do Concello ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPD) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web ou na sede electrónica do concello de Castroverde.

7.2 Reclamacións á listaxe provisional.

Perante o prazo de dez días, de conformidade co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamación á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, a persoa aspirante excluída decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

7.3 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

8.- Tribunal Cualificador.

8.1.- Os membros do tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 4, letras e) e f) do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como no artigo 60 do TREBEP.

Estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes: Presidente/a, Secretario/a e tres Vogais.

Os/as integrantes do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ao esixido para as prazas convocadas.

De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos/as seus /súas membros, así como paridade entre muller e home.

A súa composición será predominantemente técnica, rexendo o principio de especialidade das prazas convocadas.

Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

8.2.- Os/as membros/as do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á Función Pública nos 5 anos anteriores á publicación desta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar en calquera momento aos/as membros/as dos Tribunais cando concorran as circunstancias previstas anteriormente e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

8.3.- Para a válida constitución do Tribunal requirirase a presenza do/a Presidente/a o/a Secretario/a e non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, a metade máis un dos/as seus/súas membros/as, titulares ou suplentes.

Queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a tramitación e boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

8.4.- O Tribunal poderá estar asistido dos/as asesores/as necesarios/as, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas e actuarán con voz e sen voto.

8.5.- Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase na sede electrónica municipal, a resolución pola que se nomean os membros do tribunal cualificador e a data, hora e lugar en que se procederá a realización do primeiro exercicio da oposición.

8.6. Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal Terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto nos artigos. 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría terceira.

9.- Procedemento de selección.

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición libre e consistirá na realización de dúas probas eliminatorias:

- Unha primeira, que contará con dúas partes, unha de contido teórico e outra de contido práctico segundo o temario relacionado no Anexo II.
- Unha segunda de coñecemento de galego.

9.1.- Primeira proba: parte teórica e parte práctica.

A puntuación máxima será de 20 puntos.

9.1.1. Parte teórica da primeira proba.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 50 preguntas (máis 3 preguntas de reserva) con respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases, durante un período de 60 minutos.

Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario para supéralo obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraranse en 0,2 puntos.

As respostas incorrectas penalizarán a metade da puntuación de cada pregunta acertada. As non contestadas non penalizarán nin se puntuarán.

9.1.2.- Parte práctica da primeira proba.

Consistirá na realización dun ou varios probas prácticas, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do Tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases.

Este exercicio puntuarase de cero a dez puntos sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

9.2. Segunda proba: proba de coñecemento de galego

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, terá unha duración de 30 minutos. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica sexta, non se presenten ou acaden o resultado de non apto. Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o Celga 2 ou superior. A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

10.- LISTA DE APROBADOS

10.1. Realización da primeira proba.

Rematada a primeira proba, o Tribunal publicará a lista provisional das notas acadadas polos aspirantes e outorgará un prazo de 2 días para presentación de reclamación. A lista publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aprobados por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada parte da primeira proba. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

10.2. Realización da segunda proba e publicación das puntuacións finais dos/as aspirantes.

Rematada a segunda proba, o Tribunal publicará a lista provisional de aptos ou non aptos e outorgará un prazo de 2 días para presentación de reclamación. A lista publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aptos do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primeira e segunda proba.

A proposta publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Para o suposto de que todos os aspirantes quedaran exentos da realización da segunda proba, trala realización da primeira proba o Tribunal fará pública a proposta dos aprobados do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primeira proba.

A proposta publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

10.3.-Resolución do proceso e Bolsa de traballo.

O Tribunal elevará a proposta ao Sr. Alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e a aprobación da bolsa de persoal interino coa proposta da persoa para o nomeamento como funcionaria interina por vacante do posto de conserxe de colexio e instalacións municipais.

Para o caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na parte práctica da primeira proba e se persiste o empate o que obtivese maior puntuación na parte teórica da primeira proba. En último caso se procederá a sorteo.

As persoas aspirantes que superasen todos os exercicios pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo.

11. REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Cos candidatos que superasen o proceso selectivo formarase unha listaxe por orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo, que será empregada para o chamamento de candidatos para a cobertura de

vacantes, realización de substitucións por vacacións, incapacidades temporais e outras análogas do persoal conserxe de colexios e edificios municipais do Concello de Castroverde, e para a realización doutros nomeamentos interinos previstas no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 sempre que correspondan á categoría profesional posto Conserxe de Colexios e de edificios do Concello de Castroverde.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexerase polas seguintes regras:

1ª-O chamamento realizarse telefonicamente. A/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase a persoa seguinte. A comunicación telefónica, realizarase un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de cincuenta minutos entre cada chamada.

A persoa integrante da Bolsa que reciba proposta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder a aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 2 horas, salvo que por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

2ª-Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva o nomeamento, non se presentasen, renunciasen sen causa xustificada ou que renunciasen a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, non dará lugar exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento no Concello de Castroverde.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa.

C) Atoparse en situación de incapacidade temporal que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo).

E) Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención quirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada polo facultativo que esixa a lactancia natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar a reposición no mesmo lugar da orde da lista.

F) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo. Finalizado o contrato de traballo, o aspirante reintegrarase automaticamente na bolsa na mesma posición u orde na que se atopaba.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

3ª-Unha vez comparecera o/a aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase polo órgano competente cando aconteza a causa de extinción do nomeamento ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

4.ª-A bolsa de traballo extinguirase unha vez transcorridos tres (3) anos, a contar desde a data da constitución da relación de persoas que integren a presente listaxe de emprego temporal, ou por derogación expresa polo órgano competente do Concello de Castroverde.

A duración da mesma poderá prorrogarse mediante resolución de Alcaldía, xustificando a mesma.

Tódolos nomeamentos de persoal mediante funcionario interino que se realicen polo Concello para os postos e funcións contempladas nestas Bases deberán realizarse empregando esta Bolsa de emprego. Soamente poderá prescindirse dela cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario impona a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases.

12.- Presentación de documentos.

A persoa seleccionada, no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar a seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI, NIE ou documento que acredite o réxime de nacionalidade nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Copia autenticada do título esixido na convocatoria.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Número de afiliación a seguridade social (Tarxeta Sanitaria)
- Declaración formal de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da toma de posesión.
- Certificado de número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se non presenta en prazo a documentación requirida, o aspirante decaerá no seu dereito, non podendo ser nomeado e será chamado o seguinte en puntuación.

Se non houbera outros aspirantes o posto será declarada deserto

13.- Nomeamento e toma de posesión.

Pola Alcaldía do Concello de Castroverde nomearase mediante resolución ao aspirante proposto polo Tribunal como funcionario interino por praza vacante (trala xubilación da titular)

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar dende o seguinte ao que lle sexa notificado o citado nomeamento, debendo prestar xuramento ou promesa, de conformidade co establecido, en todo caso no R.D 707/1979, do 5 de abril.

14.- Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten nomeadas estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

15.- Normas finais.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na:

- Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como no resto de normas vixentes de aplicación.
- RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

16.- Recursos

A convocatoria, como as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asemade, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE****PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DE CONSERXE POR OPOSICIÓN.****I.- DATOS PERSOAIS:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO:	MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

II.- EXPOÑO:

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Castroverde, para a bolsa de traballo de conserxe por oposición, de acordo ao anuncio de aprobación das bases e convocatoria publicado no BOP, nº _____ de data _____ que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpro todos os requisitos esixidos na cláusula quinta das bases, comprometéndome a achegar os documentos acreditativos no caso de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata o nomeamento.

III.- SOLICITO:

1. Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que chega:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, CELGA 2 ou superior, para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.
- Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes sexuais e Trata de Seres Humanos

2. Realizar as probas en: castelán / galego

Así mesmo, SI / NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

....., de de 202.....

O solicitante,

Asdo:

ANEXO II.- TEMARIO**PARTE TEÓRICA**

- 1.- A Constitución Española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais. Organización territorial do Estado.
- 2.- O municipio. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias.
- 3.- O procedemento administrativo común: A capacidade de obrar e o concepto de interesado. A identificación e firma dos interesados. Termos e prazos. A notificación: contido, prazo e práctica. A publicación. Fases do Procedemento Administrativo Común.
- 4.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos e deberes.
- 5.- Localización e denominación das principais instalacións do Concello de Castroverde. O municipio de Castroverde. Parroquias. Límites xeográficos.
- 6.- Seguridade en edificios. Instalacións de protección contra incendios. Evacuación e outras medidas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias. Prevención de riscos laborais. Seguridade e hixiene no traballo. Primeiros Auxilios.
- 7.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

PARTE PRÁCTICA

- 1.- Control de accesos e custodia das chaves. Control e repartición de material e reposicións. Recollida e traslado de aveños.
- 2.- Información e atención ao público: persoal e telefónica. Realización de fotocopias. Recollida de partes de avarías. Comunicación das avarías aos servizos municipais. A comunicación escrita (avisos, recados e carteis informativos) e documentos escritos (instancias e certificados)
- 3.- Apertura e peche de edificios e locais. Posta en marcha e parada de instalacións.
- 4.- Control do estado de mantemento das instalacións. Reparacións sinxelas de fontanería, cerrallería, carpintería, saneamento, calefacción, aire acondicionado e electricidade. Revisión e mantemento da caixa de primeiros auxilios das dependencias municipais.
- 5.- Tarefas a desempeñar por un conserxe escolar. A organización do centro escolar. O Consello escolar. Dirección do centro escolar. Claustro de profesores. Participación dos pais de alumnos.
- 6.- Descrición, funcionamento e mantemento básico de aparatos eléctricos: proxectores, sistemas de son, sistemas de megafonía, etc, ...
- 7.- Manexo e mantemento básico de fotocopiadoras, escáneres, plastificadoras, destrutoras de papel e outras máquinas de oficina.

Castroverde, 12 de maio de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1273

FOLGOSO DO CAUREL*Anuncio*

Por DECRETO DE ALCALDIA 2025-0129 aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal mediante o sistema de concurso-oposición dunha praza de Técnico auxiliar en turismoao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC) debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 8 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1264

PARADELA*Anuncio*

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 07 de maio de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 04/2025, de crédito extraordinario nº 01/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 17.842,74 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 9 de maio de 2025.- A ALCALDESA – PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1265

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 07 de maio de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 05/2025, de suplemento de crédito nº 01/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 119.748,09 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 9 de maio de 2025.- A ALCALDESA – PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1266

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 07 de maio de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 06/2025, de suplemento de crédito nº 02/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 17.500,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 9 de maio de 2025.- A ALCALDESA – PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1267

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 6de maio de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2025, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 6 de maio de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1268

XOVE

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xove no ámbito da área de repartición D1.AR3.

Por Orde da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras de data 13 de marzo de 2025 aprobase definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xove no ámbito da área de repartición D1.AR3, de conformidade cos artigos 60 e 83 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Dita resolución aprobatoria foi publicada no Diario Oficial de Galicia nº 62 de data 31 de marzo de 2025.

Asimesmo esta modificación puntual foi inscrita no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, na Sección II, Libro I, Tomo IV, folla rexistral nº 71, co número de rexistro ROTPG/P/29/2025, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

De conformidade cos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016 e 70 da Lei 2/1985 Reguladora da Bases do Réxime Local a normativa da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xove no ámbito da área de repartición D1.AR3, publícanse a continuación as determinacións normativas da modificación puntual:

TÍTULO I.- NORMAS DE CARÁCTER XERAL

Art. 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación das Normas e Ordenanzas contidas na presente Modificación puntual nº 1 do PXOM de XOVE é o delimitado no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta" e redactouse de acordo coas disposicións contidas nos textos legais, cuxas abreviaturas en diante serán as seguintes:

- Lei 2/2016: Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo e urbanismo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

Art. 2.- CLASIFICACIÓN DO SOLO

O solo ordenado na presente modificación puntual atópase clasificado no PXOM do Municipio de Xove, como solo urbano consolidado e non consolidado.

Art. 3.- CUALIFICACIÓN DO SOLO

1. A cualificación do ámbito establécese mediante a zonificación ou división en zonas de acordo cos usos, tipoloxías edificatorias e condicións de edificación establecidas.
2. O ámbito divídese nas zonas grafadas no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta".

Art. 4.- VIXENCIA E REVISIÓN

1. A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor da ordenación detallada aprobada, quedará condicionado a que o acordo de aprobación definitiva se publique, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.
2. A ordenación detallada terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa revisión ou eventuais Modificacións (Art. 82.1 LSG).

TÍTULO II.- NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN

Art. 5.- COMPETENCIAS

O desenvolvemento, xestión e execución da ordenación detallada, a través dos instrumentos que procedan e dos obxectivos pretendidos, corresponden ao Concello de XOVE, sen prexuízo da atribución de competencias a Órganos específicos do Estado ou da Comunidade Autónoma e da participación dos particulares que poderán redactar plans e proxectos de iniciativa particular.

Art. 6.- INSTRUMENTOS

O desenvolvemento e execución das determinacións contidas na ordenación detallada levaranse a cabo mediante a redacción dos seguintes instrumentos:

1. Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias.
2. Estudos de Detalle.
3. Proxectos de Edificación.

Art. 7.- CONTIDO DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN E DE OBRAS ORDINARIAS

A execución material das determinacións da ordenación detallada, no relativo ás obras de urbanización, realizarase mediante proxectos técnicos os cales, segundo o seu obxecto, incluíranse nalgunha das seguintes clases:

1. PROXECTOS DE URBANIZACIÓN.

- a) Os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos nesta ordenación detallada e no PXOM do Concello de Xove.
- b) Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións da presente ordenación detallada ou do PXOM do Concello de Xove, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras.
- c) Os proxectos de urbanización teñen por obxecto a definición técnica precisa para a realización das obras de acondicionamento urbanístico do solo, en execución das determinacións da presente ordenación detallada.
- d) Os proxectos de urbanización deberán resolver o enlace dos servizos urbanísticos do ámbito que comprendan cos xerais aos que se conecten, para o cal verificarán que estes teñen a suficiente dotación ou capacidade, para absorber os aumentos polos que se houbesen de ver afectados coas obras proxectadas.
- e) Os proxectos de urbanización conterán a documentación esixida no Art. 96.3 LSG e serán tramitados de conformidade co disposto no Art. 96.4 LSG.

2. PROXECTOS DE OBRAS ORDINARIAS. Naqueles casos de obras necesarias ou complementarias coas de edificación, que non teñan por obxecto desenvolver integramente o conxunto de determinacións da presente ordenación detallada e no PXOM do Concello de Xove, poderán realizarse proxectos de obras ordinarias

Art. 8.- DETERMINACIÓNS E CONTIDO DOS ESTUDOS DE DETALLE

1. En desenvolvemento do presente da presente ordenación detallada, e de conformidade co establecido no art. 79 LSG, poderán redactarse Estudos de Detalle adicionais para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas con algúns ou varios dos seguintes obxectivos:

- f) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes de elementos ou tramos da rede viaria.
 - g) Ordenar os volumes edificables.
 - h) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación, complementarias das establecidas nesta ordenación detallada.
2. Na adaptación ou reaxuste de aliñacións e rasantes non se poderá propoñer a alteración das existentes que a ordenación mantén, nin a apertura de novas vías que non estean previstas na ordenación detallada.
3. A ordenación de volumes deberá ter en conta, en todo caso, os seguintes principios xerais de deseño:
- i) As novas construcións que se proxecten non deixarán medianeiras vistas.
 - j) As medianeiras existentes que quedaran vistas nas edificacións contiguas, serán tratadas debidamente.
 - k) Respetarase no posible o arboredo existente, incorporándoo preferentemente ao espazo público.
 - l) As aliñacións interiores que se adapten ou readapten procurarase que coincidan coas aliñacións das edificacións contiguas existentes.
4. Os estudos de detalle, de acordo co art. 79 da LSG, en ningún caso poderán:
- m) Alterar o destino urbanístico do solo.
 - n) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
 - o) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
 - p) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas na ordenación detallada que desenvolvan ou completen.
 - q) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables establecidas ou a intensidade de uso.
 - r) Parcelar o solo.
 - s) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña a ordenación detallada.
 - t) Establecer novos usos ou ordenanzas.

5. Os estudos de detalle que complementen a ordenación de ámbitos con uso de vivenda conterán, de acordo co establecido no art. 4 NHV-2010, unha memoria xustificativa da súa adecuación ás citadas Normas.

6. De conformidade co establecido no RLSG, os Estudos de Detalle que desenvolvan a ordenación da presente ordenación detallada, conterán a documentación á que se refire o artigo 193 do citado RLSG ou norma regulamentaria que o substitúa no momento da tramitación.

Art. 9.- XESTIÓN URBANÍSTICA DA ORDENACIÓN DETALLADA

A execución da presente ordenación detallada se realiza nun único polígono e o sistema de actuación e o de Coperación, e realizarase de oficio, tal e como indica o artigo 116 da LSG, o proxecto de reparcelamento polo concello de Xove.

TÍTULO III.- NORMAS DE USO

1. Considéranse usos da edificación ao conxunto de actividades desenvolvidas nas edificacións e/ou instalacións construídas sobre os solos considerados como aptos para a edificación.

2. Serán de aplicación as normas xerais de uso establecidas na normativa do PXOM do concello de Xove.

3. O réxime de compatibilidade de usos establécese en termos de usos permitidos e usos prohibidos para cada zona de ordenanza de solo urbano, respecto a cada uso pormenorizado.

TÍTULO IV.- NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN

Art. 11.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. As presentes Normas teñen por obxecto regular as condicións aplicables ás “obras que poidan realizarse nas edificacións existentes”, así como ás “novas edificacións” que se constrúan no ámbito da ordenación detallada debendo cumprir as normas xerais de edificación establecidas na normativa do PXOM do concello de Xove así como os criterios establecidos na Guía de Cor e Materiais de Galicia” publicada polo Instituto de Estudos do Territorio.

2. Estas normas aplicaranse con carácter xeral, salvo determinacións específicas contidas nas Normas Particulares incluídas na presente normativa, en cuxo caso aplicaranse estas últimas.

TÍTULO V.- NORMAS DE URBANIZACIÓN.

Art. 12.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

No ámbito da presente ordenación detallada, las presentes Normas establecen:

1. As condicións que debe cumprir a rede viaria e os servizos de abastecemento de auga, saneamento e subministro de enerxía eléctrica, sen prexuízo das condicións específicas que determinen, no seu caso, os correspondentes Proxectos de Urbanización.

2. As condicións que deben cumprir os espazos de uso público (rede viaria, aparcadoiros vinculados á rede viaria e ás vías de uso público) e elementos de urbanización, para eliminar e evitar a formación de barreiras urbanísticas, de conformidade coas disposicións contidas na Lei 10/2014 e no RASB.

3. Os proxectos de urbanización, na súa redacción, terán en conta a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos publicada pola Xunta de Galicia.

Art. 13.- REDE VIARIA.

1. CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE DAS REDES VIARIAS E DOS APARCADOIROS. En aplicación das disposicións contidas na LASB e no RASB, as vías públicas e aparcadoiros deberán cumprir as seguintes condicións:

a) As vías públicas serán adaptadas de acordo coas condicións esixidas no Art.15º do RASBe na OVIV.

b) As características dos itinerarios peonís ou mixtos de peóns e vehículos, o seu deseño e trazado, así como as súas condicións suxeitaranse ao disposto no Art. 16º do RASB e no art. 5 da OVIV.

c) As características dos carrís-bici cumprirán as recomendacións realizadas nos “Criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas” incluídos no Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia.

d) A comunicación vertical dos itinerarios realizarase mediante ramplas ou ascensores que cumprirán as condicións establecidas no Art.17º do RASB e nos arts. 14-17 da OVIV

e) Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou desen servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida. As prazas adaptadas e itinerarios, cumprirán as condicións establecidas no Art. 21º do RASB e no art. 35 da OVIV.

1. En aplicación das disposicións contidas na LASB e no RASB, as vías públicas e aparcadoiros deberán cumprir as seguintes condicións:

- f) As vías públicas deberán ser adaptadas de acordo coas condicións esixidas no Art.15º do RASB.
- g) As características dos itinerarios peonís ou mixtos de peóns e vehículos, o seu deseño e trazado, así coma as súas condicións suxeitaranse ao disposto no Art. 16º do RASB.
- h) A comunicación vertical dos itinerarios realizarase mediante ramplas ou ascensores que cumprirán as condicións establecidas no Art.17º do RASB.
- i) Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou dean servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida.
- j) As prazas adaptadas e itinerarios, cumprirán as condicións establecidas no Art. 21º do RASB.

2. CALZADAS:

- k) Os materiais e demais características técnicas do firme e da capa de rodadura das calzadas, deberán responder ás necesidades e intensidades de uso en cada tipo de vía.
- l) A pavimentación das calzadas será preferentemente de aglomerado en quente OU acabarse con formigón.
- m) O disposto no apartado 2 anterior, non será de aplicación as rúas peonís, nas que se utilizará preferentemente o enlousado con pedras.

3. BEIRARRÚAS. As beirarrúas son os espazos dedicados á circulación dos peóns e cumprirán as seguintes condicións:

- n) O espazo mínimo de beirarrúa estará totalmente libre de obstáculos.
- o) Terá un pavimento duro, antideslizante e con continuidade, tendo un tratamento diferente no atopo con zonas especiais, como poden ser as entradas dos garaxes ou os pasos de peóns.
- p) Os materiais a utilizar no pavimento da beirarrúa poderán ser: pedras naturais ou artificiais, baldosas hidráulicas ou cerámicas, continuos de formigón, etc. Os bordillos das beirarrúas, serán de formigón ou de pedra.
- q) En rúas de ancho inferior a 6 metros ou naquelas en que así lo decida o concello por resolución motivada, poderá prescindirse da dotación de beirarrúas.

4. CARRIL-BICI. Os Carrís-Bici son vías reservadas exclusivamente para a circulación en bicicleta, sinaladas mediante unha liña continua, que forman parte da calzada en vías urbanas incrementando o número de carrís desta.

- r) A Anchura mínima libre será de 1,50 metros para vías unidireccionais e 2,20 metros para vías bidireccionais. No caso de transcorrer de maneira colindante a unha banda de aparcamentos terase que engadir un espazo de seguridade de 0,50 metros mínimo.
- s) O carril-bici considérase protexido cando estará separado do resto da calzada mediante bordos, o outros elementos que impidan a invasión do carril por parte dos vehículos motorizados. Estes elementos ocuparán un espazo mínimo de 0,30 metros e 0,80 metros para vías unidireccionais e bidireccionais respectivamente.
- t) No caso de carrís-bici bidireccionais, é imprescindible que sexan protexidos.

Art. 14.- CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE DOS ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN E DO MOBILIARIO URBANO

1. ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN

- u) A efectos de aplicación do RASB, considéranse elementos de urbanización calquera compoñente das obras de urbanización, entendendo por estas as referentes á pavimentación, xardinaria, saneamento, sumidoiros, iluminación, redes de telecomunicación e redes de subministro de auga, electricidade, gases e aquelas que materialicen as indicacións contidas na presente ordenación detallada.
- v) Os elementos de urbanización integrados en espazos de uso público posuirán con carácter xeral unhas características de deseño e execución tales que non constitúan obstáculo á liberdade de movementos das persoas con limitacións e mobilidade reducida, debendo ademais no seu caso axustarse ás condicións de adaptación establecidas na base 1.2 do código de accesibilidade do RASB.

2. MOBILIARIO URBANO. A efectos de aplicación do RASB e da OVIV, considéranse elementos do mobiliario urbano o conxunto de obxectos existentes nas vías e espazos públicos que se atopen superpostos ou apegados aos elementos de urbanización ou da edificación de forma que sexa posible o seu traslado ou modificación sen alteracións substanciais daquelas, tales como semáforos, postes de sinalización e similares, cabinas telefónicas, fontes públicas, papeleiras, veladores, toldos, marquesiñas, quioscos, contedores, varandas, bolardos, controis de aparcadoiro e calquera outros de natureza análoga. O mobiliario urbano cumprirá as seguintes condicións:

w) Os elementos de mobiliario urbano deseñaranse e colocaranse de maneira que non obstaculicen a circulación das persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade.

x) b) Os elementos do mobiliario urbano cumprirán as condicións esixidas na base 1.4 do código de accesibilidade do RASB e na orde VIV/851/2021.

y) As sinais de tráfico, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se emprace nun itinerario ou espazo de acceso peonil, deberán ser deseñadas e colocadas de forma que resulten adaptadas, emprazándose de xeito que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade, debendo cumprir coas condicións establecidas na LASB, RASB e na orde VIV/851/2021.

z) Os elementos saíntes que se empracen nas aliñacións das fachadas de edificios que interfiran un itinerario ou espazo peonil, tales como marquesiñas, toldos e outros análogos, deberán evitar en todo caso ser un obstáculo para a libre circulación de todo tipo de persoas, debendo cumprir coas condicións establecidas na LASB, RASB e na orde VIV/851/2021.

Art. 15.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS E ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN.

1. Entendese por infraestruturas de servizos as construcións, instalacións e espazos asociados destinados aos servizos de abastecemento de auga, evacuación e depuración de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, gas e telecomunicacións.

2. A efectos de aplicación do Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras, considéranse elementos de urbanización calquera compoñente das obras de urbanización, entendendo por estas as referentes á pavimentación, xardinería, saneamento, rede de sumidoiros, alumado, redes de telecomunicación e redes de subministro de auga, electricidade, gases e aquelas que materialicen as indicacións contidas no presente Plan Especial

3. Os elementos de urbanización integrados en espazos de uso público posuirán con carácter xeral unhas características de deseño e execución tales que non constitúan obstáculo á liberdade de movementos das persoas con limitacións e mobilidade reducida, debendo ademais no seu caso axustarse ás condicións de adaptación establecidas na base 1.2 do código de accesibilidade do RASB.

4. Teranse en conta as medidas de aforro enerxético establecidas nas Normas de sustentabilidade ambiental e Protección do medio ambiente da presente Normativa e cumpriranse as condicións de aforro enerxético establecidas nos Documentos Básicos HE 4 (Contribución solar mínima de auga quente sanitaria) e HE 5 (Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica) do Código técnico da edificación.

Art. 16.- REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

1. CONDICIÓN. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o abastecemento de auga cumprirá as condicións previstas nas ordenanzas municipais para as Instalacións de Abastecemento e Saneamento do Concello, así como as condicións xerais que se establecen nos apartados seguintes:

aa) A dotación mínima de auga potable en zonas residenciais será a establecida no DB-HS 4 do CTE e nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOHG).

bb) En tódolos casos deberá existir a presión adecuada para un normal abastecemento. A falta de presión na rede deberá ser substituída con medios idóneos para que poidan estar debidamente dotadas as vivendas máis elevadas, de igual forma, se disporán válvulas redutoras no caso de que se prevexan sobrepresións na rede.

cc) Deberá preverse un hidrante de nos casos establecidos no DBSI ou no indicado no Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

dd) Estableceranse en tódalas zonas de parques e xardíns, espazos libres, paseos, prazas, rúas, etc. as instalacións suficientes para un consumo diario mínimo de 20 m³/Ha segundo o establecido nas ITOHG

ee) As instalacións de redes de abastecemento propias de urbanizacións, rúas de nova construción ou polígonos serán executados a cargo do promotor con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello e tras o informe previo favorable do concesionario.

2. CRITERIOS. O abastecemento de auga deberá cumprir os criterios recollidos nas ordenanzas municipais do concello de Xove e os criterios dos servizos técnicos que se refiren aos aspectos contidos nos apartados seguintes.

3. REQUISITOS PREVIOS Á EXECUCIÓN

ff) Será necesario un informe detallado para o cálculo das necesidades de subministro: plano de ordenación incluíndo zonificación, usos, parcelamento, altura de edificación, densidade de poboación, trazado viario e outros espazos públicos. Perfís lonxitudinais e transversais tipo da rede viaria e plano altimétrico da zona.

gg) Cos datos citados, a Oficina Técnica Municipal comunicará ao promotor da Urbanización o punto en que se debe efectuar a conexión á rede xeral de abastecemento, caudal e presión dispoñible no punto de toma e

elaborará un informe sobre o esquema previsto da rede de distribución interior da urbanización. unha vez revisada e aprobada polos Servizos Técnicos Municipais a rede instalada, o persoal do Servizo Municipal de augas realizará as conexións á rede de abastecemento existente con cargo ao promotor.

hh) Se non existe rede municipal de abastecemento na zona, o promotor presentará o estudo da situación da captación, potabilidade da auga e recorrido previsto para a condución de alimentación ao depósito regulador, situación das instalacións subterráneas como electricidade, iluminación, gas, telefonía, sumidoiros e drenaxe. O proxecto e a posterior instalación serán revisados e aprobados no seu caso polos Servizos Técnicos Municipais.

4. CONTROL E ACEPTACIÓN

ii) Os controis de execución e as probas de presión que se definen neste apartado das Normas Técnicas serán realizadas por Organismos de Control Autorizados (OCA) ou pola Administración Municipal de augas sendo os gastos correspondentes con cargo ao promotor.

jj) Á finalización das obras e unha vez superadas a proba, entregárase ao servizo municipal de augas unha copia do plano definitivo das instalacións no que figurarán ademais do recorrido das tubarías o resto da información da instalación: tipo de material, diámetro, timbraxe, situación de chaves de corte, ventosa, redutora de presión, etc.

Art. 17.- REDE DE SANEAMENTO.

1. CONDICIÓN XERAIS. O saneamento cumprirá as condicións indicadas nas ordenanzas municipais do concello de Xove e os criterios dos servizos técnicos que se refiren no DECRETO 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, así como as condicións xerais que se establecen nos apartados seguintes:

kk) A evacuación de augas residuais en solo urbano farase sempre por rede de saneamento de augas residuais.

ll) O saneamento realizarase, en xeral, polo sistema separativo cando se verta a colectores de uso público. Porén en zonas de edificación residencial, en que existan regatos que poidan servir para a evacuación de augas de chuvia, deberase empregar o sistema separativo construíndo nos casos en que se considere conveniente, tanques de tormenta ou outros sistemas de depuración que eviten que a contaminación que arrastran as primeiras augas da chuvia pasen aos ríos.

mm) Estarán obrigados a depurar as súas augas residuais antes de vertelas a colectores públicos, os establecementos industriais que evacúen augas residuais ou produtos cuxas composicións cualitativas e cuantitativas sexan superiores aos límites establecidos no DECRETO 141/2012. Estes establecementos deberán establecer as medidas correctoras adecuadas para que ditas augas reúnan as características regulamentarias.

nn) Os valores dos caudais de augas a ter en conta para o cálculo do saneamento serán os mesmos que os obtidos segundo o indicado nas ITOHG para a rede de distribución incrementados polo caudal de augas pluviais no caso de sistemas unitarios.

oo) Para sistemas separativos cada rede calcularase de acordo co caudal correspondente.

2. CONDICIÓN DAS REDES. As redes de evacuación de auga e saneamento cumprirán as seguintes condicións:

pp) Velocidade das augas: Entre 0,5 e 3 m. /seg.

qq) Sección mínima: 0,3 m. de diámetro.

rr) Pozos de rexistro: Serán visitables e disporanse nos cambios de dirección, e como máximo cada 50 metros nos tramos rectos.

3. OUTRAS CONDICIÓN

ss) En relación co verquido, será de estrita aplicación as determinacións das ordenanzas municipais do concello de Xove e os criterios dos servizos técnicos que se refiren, e no DECRETO 141/2012.

tt) As instalacións de redes de saneamento propias de urbanizacións, rúas de nova construción ou polígonos serán executados a cargo do promotor con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello e tras o informe previo favorable do concesionario. Nestas obras deberán cumprirse os criterios recollidos nas “ Normas Técnicas para as Instalacións de Abastecemento e Saneamento” do Concello que se refiren aos aspectos contidos nos apartados seguintes.

4. REQUISITOS PREVIOS Á EXECUCIÓN. Será necesario un informe no que se describa a natureza do subsolo, un plano altimétrico da zona precisando os límites das concas afluentes, así como a posible canle receptora, incluírase a súa vez a ordenación da zona a servir incluíndo usos, parcelamento, número de vivendas e trazado de viario, perfís lonxitudinais e transversais da rede viaria e profundidade real ou probable das edificacións, tamén se reflectirá a localización das instalacións de servizo existentes.

5. CONTROL E ACEPTACIÓN

uu) Os controis de execución e as probas de servizo e estanquidade que se definen neste apartado das Normas Técnicas serán realizadas por Organismos de Control Autorizados (OCA) ou polo servizo municipal correspondente sendo os gastos correspondentes con cargo ao promotor.

vv) Á finalización das obras e unha vez superadas as probas, entregarase ao servizo municipal de augas unha copia do plano definitivo das instalacións no que figurarán ademais do recorrido das tubarías o resto da información da instalación: tipo de material, diámetro, timbraxe, situación de chaves de corte, aliviadoiros, pozos, etc.

Art. 18.- ENERXÍA ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN PÚBLICA.

1. A dotación mínima segundo usos, será a establecida no regulamento electrotécnico de baixa tensión.

2. De conformidade co disposto no Art. 43.5 LSG, a rede de alumado público será subterránea.

3. Tódalas vías públicas urbanas deben ter, como mínimo, as iluminacións e uniformidades sobre a calzada que se indican a continuación:

ww) Vías arteriais: 20 luxes e uniformidade 0,5.

xx) Vías principais de circulación: 15 luxes e uniformidade 0,4.

yy) Restantes vías: 15 luxes e uniformidade 0,4.

4. A altura dos puntos de luz non será inferior a 10 metros naquelas zonas nas que se prevea circulación de vehículos pesados e as luminarias empregadas serán de fotometría regulable. Os controis dos centros de mandos deben ser equipados con programador electrónico.

5. Ademais, todo proxecto de urbanización, debe realizar un estudo de aforro enerxético do alumado público e un estudo do nivel de iluminación das instalacións.

Art. 19.- TELÉFONO E CABLE

1. Toda instalación nova de tendido de cables para o servizo telefónico executarase de forma subterránea excepto no caso de que non existan ditas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas. Nestes casos os operadores poderán efectuar despregues aéreos seguindo os existentes.

2. Aos efectos de deseño e dimensionado estarase ao disposto na lexislación e normativa de carácter sectorial aplicable.

3. Non se poderán establecer novas instalacións radioeléctricas ou modificarse as existentes cando o seu funcionamento puidera supor superar os límites de exposición recollidos no anexo II do Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas (RD 1066/2001).

TÍTULO VI.- NORMAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

Art. 20.- DISPOSICIÓNS XERAIS

A responsabilidade da aparencia e conservación, tanto do medio natural como do medio urbano corresponde en primeira instancia ao Concello, e polo tanto, calquera clase de actuación que lles afecte deberá someterse ao seu criterio. Como consecuencia, poderase denegar ou condicionar a concesión de licenzas de obras, de instalacións ou actividades, ou calquera outro permiso que poida implicar afeccións negativas ao medio ambiente, de acordo co establecido no Plan.

CAPÍTULO I.- PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO

Sección 1ª.- EMISIÓNs ATMOSFÉRICAS

Art. 21.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. As emisións máximas permitidas á atmosfera regularanse polas disposicións vixentes na materia contidas na lei 8/2.002, de 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, na lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, nos supostos recollidos no seu eido de aplicación e na lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

2. Corresponde á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda a vixilancia, control, potestade sancionadora e establecemento de medidas cautelares, dos niveis de emisión e inmisión de contaminantes á atmosfera, naqueles casos especificados nas citadas leis; correspondendo ao Concello as competencias que igualmente se lle asignan.

Art. 22.- NORMAS DE PREVENCIÓN

1. EMISIÓNs ATMOSFÉRICAS

a) Prohibese a queima de calquera tipo de residuos ou materiais que non conte coa autorización correspondente.

b) As operacións susceptibles de desprender gases, vapores e emanacións en xeral, deberán efectuarse en locais acondicionados, co fin de que non transcendan ao exterior. Cando esta medida sexa insuficiente, deberán estar completamente pechados e con evacuación de aire ao exterior por chemineas con características apropiadas.

c) Nos movementos de terras, transporte de materiais, obras de demolición e en todas aquelas actividades e accións que poidan provocar a emisión de partículas á atmosfera, tomaranse as precaucións necesarias para reducir a contaminación ao mínimo posible, evitando a dispersión. Deste xeito, disporanse medidas preventivas como realizar as labores en condicións atmosféricas favorables, recubrir os materiais a transportar, regar as zonas e materiais afectados polas obras, etc.

2. CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

d) Preservaranse o máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, a flora e os ecosistemas en xeral, e reducirase a intrusión lumínica en zonas distintas ás que se pretenden iluminar, principalmente nos entornos naturais e no interior das edificacións.

e) Para previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación lumínica en ceo nocturno, producida pola iluminación exterior, observaranse as propostas da “Guía para a redución do Resplandor Luminoso Nocturno” realizada polo Comité Español de Iluminación (CEI) en colaboración co Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético (IDAE).

f) Terase en conta a frecuencia, distancia e tipoloxía das luminarias para evitar a sobreiluminación.

g) Axustaranse os horarios de acendido e apagado, recomendándose a instalación de redutores de fluxo. Para a iluminación ornamental, empregaranse luminarias asimétricas de alto rendemento.

3. OLORES

h) Non se poderán autorizar actividades que produzan olores molestos sen dispoñer das medidas correctoras adecuadas como: Captación directa de olores na fonte de emisión, evitando a dispersión dos mesmos e captación de aire e gases de vehículos, dos olores e a súa neutralización, suprimindo os axentes que os producen.

i) Para a determinación dos índices dos olores aplicaranse os sistemas regulamentarios, para cuxo fin se define cuantitativamente a intensidade dun olor como o produto da concentración de dilución necesaria para obter a concentración índice, polo caudal de gases.

4. TELECOMUNICACIÓNS. A regulación das instalacións telecomunicacións, será obxecto dunha Ordenanza Municipal específica, que deberá en todo caso recadar informe do Ministerio para a Transformación Dixital e Función Pública, que terá carácter vinculante no que se refire a súa adecuación a normativa sectorial de telecomunicacións, establecéndose mentres tanto as seguintes condicións:

j) Prohibirase a colocación de grandes antenas no entorno da presente ordenación detallada sempre e cando existan alternativas viables técnica e economicamente.

k) Non se poderán establecer novas instalacións radioeléctricas ou modificarse as existentes cando o seu funcionamento puidera supor superar os límites de exposición recollidos no anexo II do Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas (RD 1066/2001). Cando nun contorno de 100 m. existan espazos considerados sensibles (garderías, centros de educación infantil, primaria, centros de ensino obrigatorio, centros de saúde, hospitais, parques públicos residencias ou centros xeriátricos), xustificarase a minimización dos niveis de exposición sobre os mesmos conforme ao previsto no artigo 53.5 d) do regulamento aprobado polo Real Decreto 123, de 24 de febreiro polo que se aproba o Regulamento sobre o uso do dominio público radioeléctrico que modifica o Real Decreto 1066/2001.

Sección 2ª.- CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E VIBRATORIA

Art. 23.- OBXECTO E EIDO DE APLICACIÓN

1. A presente sección ten por obxecto establecer os criterios necesarios para controlar a contaminación acústica en ambiente exterior e remite a regulación de límites e procedementos de medida para o seu control á Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente Urbano.

2. Para o non especificado nesta sección estarase ao disposto na lei 37/2003, de 17 de novembro de ruído (no sucesivo LR) e no decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Art. 24.- NORMAS DE PREVENCIÓN

1. Os servizos de inspección municipal poderán realizar en todo momento cantas comprobacións sexan oportunas e o propietario ou responsable da actividade xeradora de ruídos deberá permitilo, facilitando aos inspectores o acceso ás instalacións ou focos de emisión de ruídos e dispoñendo o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen ditos inspectores, podendo presenciar aqueles o proceso operativo.

2. Todos aqueles eidos de solo urbano cuxos niveis sonoros ambientais sexan superiores aos que fixe a Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente Urbano, serán declaradas Zonas de Actuación e nestas zonas o Concello establecerá medidas correctoras encamiñadas a garantir o cumprimento dos niveis sonoros ambientais regulados na lexislación vixente.

3. Realizaranse campañas de concienciación da cidadanía de que el confort acústico e el control da contaminación acústica es un factor importante para a saúde, sobre todo psíquica, das persoas e para o seu benestar.

4. Con carácter xeral priorizaranse as medidas de redución da fonte emisora, nas máquinas, nas infraestruturas, nos motores, nos pavimentos, etc., empregando, na medida do posible, as mellores tecnoloxías dispoñibles e as boas prácticas ambientais que minimicen a emisión e limiten a transmisión do ruído e as vibracións.

5. Durante a fase de obras, evitarase a realización das obras ou movementos de maquinaria fóra do período diúrno (7.00 a 19.00).

CAPÍTULO II.- PROTECCIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS

Art. 25.- DISPOSICIÓNS XERAIS

A protección das augas así como a regulación dos vertidos de actividades que poidan contaminar o dominio público hidráulico, regularase conforme ao disposto na lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, o RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas, tendo en conta as modificacións introducidas polo RDL 4/2007, de 13 de abril, polo que se modifica o texto refundido da lei de augas (no sucesivo LA), así como no RD. 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento de dominio público hidráulico, tendo en conta as modificacións introducidas polo RD 606/2003, de 23 de maio, polo que se modifica o RD 849/1986 (no sucesivo RA).

Art. 26.- MEDIDAS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE DO RECURSO

1. Nas infraestruturas, edificacións e instalacións estableceranse as medidas para a optimización dos recursos hídricos, a xestión racional da auga e a consecución dun modelo enerxéticamente eficiente, coherentes coa Directiva 2000/60/CE e coa planificación hidrolóxica.

2. Garantiranse os requirimentos de calidade de auga de consumo humano conforme ao disposto no RD 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano. O Concello realizará controis periódicos da calidade de auga en tódalas traídas veciñais que carezan de estación de tratamento de auga potable (ETAP).

3. As instalacións de abastecemento e saneamento de auga nas vivendas novas e rehabilitadas deben tratar de optimizar o seu funcionamento, promover o aforro de auga potable, a redución da contaminación hídrica, a reutilización das augas e o aforro enerxético.

4. As zonas verdes públicas deseñaranse de forma que limiten a impermeabilización superficial e favorezan a recarga no terreo.

5. Nos procesos de urbanización, acondicionamento e mellora dos espazos públicos facilitarase a recarga natural do terreo e valorarase a utilización de pavimentos drenantes, evitando en todo caso a urbanización innecesaria dos espazos. Igualmente nos procesos de descompactación e aireación nas zonas de rexeneración implementaránse procesos de descompactación e aireación para reducir a densidade e incrementar a porosidade do substrato antropizado (aparcadoiro, tránsito de vehículos, substratos cementados, etc.).

CAPÍTULO III.- XESTIÓN DE RESIDUOS

Art. 27.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Serán de aplicación as disposicións contidas na lei 10/2008, de residuos de Galicia, no Plan de Residuos Urbanos de Galicia, no Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados así como nas Ordenanzas Municipais no seu caso ou aqueles instrumentos de planificación que os substitúan.

2. Habilitaranse lugares adecuados para o emprazamento das ILLAS DE RECOLLIDA SELECTIVA, evitando os ámbitos visibles dende o litoral, buscando a maior integración paisaxística e ambiental que serán sometidas a un mantemento periódico.

3. No referente aos RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN, a súa xestión farase de conformidade co disposto no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción dos residuos da construción e demolición para a Comunidade Autónoma de Galicia e o Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

4. O Concello incluírá entre as condicións das oportunas e preceptivas licenzas urbanísticas as determinacións oportunas para a xestión dos RESIDUOS PERIGOSOS que poidan xerarse, entendendo por tales aqueles que figuran na lista de residuos perigosos aprobada no Real Decreto 952/1997, así como os recipientes e envases que os contivesen, os que fosen cualificados como perigosos pola normativa

comunitaria e os que poidan aprobar o goberno, de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España forme parte.

5. En tódolos proxectos de Urbanización estableceranse as previsións oportunas para a localización dos colectores de recollidas de residuos, e a tal efecto reservarán en recintos adecuados xunto ao viario, espazos para a localización de recipientes de recollida de residuos, adecuadamente repartidos, nas marxes contrarias aos puntos de contemplación da paisaxe

6. A solución para resolver os recintos nos que se localizarán os colectores de residuos garantirán a integración na paisaxe urbana. Se xeneralizará as estratexias de ocultación dos contedores de residuos, que pola súa natureza non se poden modificar o seu deseño.

CAPÍTULO IV.- BIODIVERSIDADE

Sección 1ª.- PROTECCIÓN DA FLORA E DA FAUNA

Art. 28.- DISPOSICIÓNS XERAIS

A administración municipal velará pola adecuada protección dos ecosistemas e hábitats naturais e polo mantemento de poboacións viables de especies nos entornos naturais, desenvolvendo periódicas labores de inspección, vixilancia e control, co fin de detectar e evitar a destrución, degradación ou conversión de hábitats e ecosistemas. Fomentará os usos e o coñecemento tradicional e o uso sustentables da diversidade biolóxica. Promoverá a recuperación dos hábitats e especies ameazadas e a rehabilitación e restauración dos ecosistemas degradados.

Art. 29.- NORMAS DE PROTECCIÓN

1. A poda de vexetación, tanto de parques e xardíns como de viario, deberá reducirse a mínima necesaria por razóns de seguridade ou inestabilidade do arboredo, non poderá realizarse en primavera, ao ser o período reprodutor das especies e afectar a nidificación das especies silvestres. Outro tanto procederá para o roce da vexetación existente no caso da execución dos proxectos de urbanización, que evitará os meses de marzo a xuño.

2. O arboredo existente nos espazos públicos, aínda que non fose cualificado de zona verde, deberá ser conservado. Cando sexa necesario eliminar algúns exemplares por causa de forza maior imponderable, preocuparase que afecten aos exemplares de menor idade e porte.

3. Nos patios ou espazos libres existentes na actualidade, públicos ou particulares, que estean axardinados, deberán conservarse e manterse en bo estado as súas plantacións, calquera que sexa o seu porte.

4. A necesaria substitución do arboredo existente nas vías públicas, cando por deterioro ou outras causas desaparezan os exemplares existentes, será obrigatorio a cargo do responsable da perda, sen prexuízo das sancións que puidera dar lugar a súa orixe. A substitución farase por especies de iguais e do mesmo porte que as desaparecidas, ou empregando a especie dominante na agrupación do arboredo.

5. En caso de colonias de aves de interese especial, e para actuacións relacionadas co mantemento de edificios, suxeitas a licenza urbanística, o Concello condicionará a execución das obras á prohibición de eliminar os niños no período de reprodución.

6. En caso de ser instaladas redes de enerxía eléctrica aéreas evitarse a colisión de aves mediante salvapaxaros (espirais sen envolver aos cables para que sexan máis visibles) así como os riscos de electrocución mediante o emprego de liñas con illantes de suspensión ou cadea de menor risco que os illantes ríxidos.

7. Prohíbese a introdución de espécimes alóctonos de carácter invasor e, en xeral, de todas aquelas especies alóctonas das que non se teña contrastado o seu carácter de non invasora, que poidan provocar unha alteración apreciable sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais.

CAPÍTULO V.- USOS SUSTENTABLES DOS RECURSOS

Art. 30.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. O aforro enerxético, a diversificación de fontes e o emprego de enerxías renovables serán actuacións preferentes nas obras de edificación e urbanización, e deberán ter unha especial presenza nos equipamentos e dotacións públicas.

2. As novas edificacións terán en conta o disposto na Directiva 2002/91/CE, de 16 de decembro, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, no Real Decreto 47/2007, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación enerxética de edificios de nova construción, no CTE e nas súas modificacións, así como nas Normas de Habitabilidade de Vivendas.

3. Teranse en conta as Medidas e Instrumentos de Aforro e Eficiencia Enerxética contempladas na Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España.

4. Nas licenzas de primeira ocupación dos edificios comprobarase que as medidas de aforro de recursos relacionadas no presente TÍTULO e as esixidas pola lexislación vixente están realmente incorporadas e son operativas e funcionais.

Art. 31.- MEDIDAS XERAIS DE AFORRO ENERXÉTICO

1. Promoverase a posta en marcha de Plans de Aforro Enerxético adaptados aos diferentes sectores tanto a nivel particular como no eido empresarial ou de actividade e da administración pública local e supramunicipal.

2. Promoverase e favorecerase entre a poboación o aforro enerxético doméstico e no traballo, motivando e facilitando os coñecementos e ferramentas necesarias para actuar correctamente neste eido na actividade diaria. Entre outras medidas pódense sinalar as seguintes:

l) Uso de lámpadas de baixo consumo.

m) Mellora do illamento das edificacións.

n) Control do apagado total dos electrodomésticos e da iluminación cando non se usen. Adquirir electrodoméstico clase A por ser os de menor consumo.

o) Axuste ou redución da temperatura da calefacción.

p) Favorecer a regulación lumínica e térmica natural nos edificios.

q) Optimizar e reducir o uso da auga quente.

r) Utilizar electrodomésticos de clases enerxéticas altamente eficientes, optimizar o uso, a correcta programación e a enchedura dos electrodomésticos.

s) Utilizar a tarifa nocturna, etc.

3. Ademais dos requisitos que establece a lexislación vixente, todo o proceso de edificación deberá tender a unha redución de impactos ambientais producidos polo funcionamento do edificio e a súa construción, atendendo a principios de protección medioambiental e desenvolvemento sustentable como:

t) Deseño con solucións bioclimáticas e de forma que se potencie a captación da radiación solar e se minimicen perdas de calor.

u) A radiación solar sobre unha fachada Norte é case nula, sendo esta a máis fría. Se existe unha entrada de luz cara o norte deberá instalarse un bo illante térmico na mesma.

v) A radiación sobre o leste darase a primeiras horas da mañá e sobre o oeste pola tarde. No verán deberán terse en conta dispositivos que eviten a entrada directa desta radiación (como por exemplo láminas orientables) que eviten sobrequecementos pero si permitan o paso da radiación indirecta favorecendo a iluminación natural.

w) A incidencia da radiación solar sobre a fachada sur darase durante case todo o día. En inverno esta radiación contribúe a diminuír o gasto de calefacción e no verán coa colocación de pequenos elementos que fagan sombra evítase a radiación solar e o calor.

x) No verán é importante favorecer a circulación do aire entre a fachada norte e a sur para favorecer a ventilación cruzada e producir un aforro na climatización e unha mellora das condicións interiores do edificio.

y) Mellorar os illamentos en fiestras que son os elementos con maior perda de calor. Pasar de ventá simple a dobre pode chegar ao 15% de aforro no consumo de calefacción.

z) Evitar pontes térmicos cuxa perda de calor pode chegar ao 10% do consumo de calefacción.

aa) As cubertas dos novos edificios deben facerse ventiladas xa que amortecen as ganancias térmicas producidas pola radiación solar no verán.

bb) Aproveitar ao máximo a luz solar para minimizar o consumo eléctrico na iluminación instalando elementos de captación da luz natural como fiestras, patios interiores, clarabois, etc.

cc) É recomendable o emprego de pinturas e materiais claros para o acabado de paredes e teitos xa que permite un aforro da luz artificial.

dd) Na iluminación interior evítanse lámpadas convencionais, haló xenas e de vapor de mercurio a favor de equipos máis eficientes como fluorescentes compactos con reactancia electrónica ou lámpadas de vapor de sodio de alta presión.

ee) Conservación do medio ambiente, mediante o apropiado uso do terreo, a xestión dos residuos xerados nas obras e a prevención de emisións e contaminantes.

ff) Aplicación de técnicas construtivas tendentes a evitar o uso de materiais contaminantes.

gg) Nos procesos de rehabilitación adoptar medidas de mellora de eficiencia térmica na edificación, o emprego de enerxías renovables e sistemas de calefacción centralizados baseados nestas, e o emprego de tecnoloxías enerxeticamente eficientes.

hh) Para os usos de calefacción, quentamento de auga ou cociñado de alimentos procurárase a utilización de combustibles líquidos ou gasosos con preferencia á enerxía eléctrica.

Art. 32.- MELLORAS NA EFICIENCIA DO RECURSO DE AUGA

Para mellorar no posible a eficiencia do recurso de auga, establécense unha serie de condicións e recomendacións, tanto para as novas redes como para a adaptación das existentes, nunha actualización progresiva da rede e das condicións de uso, a fin de conseguir unha instalación global moderna, eficiente, con baixo custo de explotación e de fácil mantemento e reparación, de acordo cos seguintes criterios:

1. Automatizar e centralizar os sistemas de rega, coa implantación de sistemas de rega eficiente nos xardíns e zonas verdes. Utilización de rega por goteo, recollida e almacenamento de auga de chuvia para a rega, etc.
2. Plantación nos xardíns e zonas verdes de céspede ou flora autóctona con baixo consumo en auga, en lugar de especies foráneas de maior consumo ou demanda de mantemento, contemplando os custos totais a longo prazo, e non só os da plantación.
3. Implantación de tarifa por tramos como sistema de cobro do consumo de auga, primando o aforro e gravando o dispendio deste recurso.
4. Concienciar, dar a coñecer e fomentar entre os usuarios os comportamentos de uso racional do recurso e a utilización de dispositivos aforradores de auga.

Art. 33.- MELLORAS NA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

Para mellorar no posible a eficiencia enerxética da iluminación pública, establécense unha serie de condicións e recomendacións tanto para as novas redes como para a adaptación das existentes nunha actualización progresiva da rede a fin de conseguir unha instalación global da iluminación, moderna, con baixo custo de explotación e de fácil mantemento e reparación, de acordo cos seguintes criterios:

1. A iluminación exterior debe iluminar de arriba cara abaixo e orientar os focos por debaixo do horizontal. Aplicaranse boas prácticas como axustar as luces coa inclinación e dirección apropiadas, apagar as luces exteriores cando sexa necesario, non dirixir focos nin lázers ao ceo.
2. Adaptar os niveis de iluminación en función das necesidades de uso e da vulnerabilidade a contaminación luminosa, e establecer en cada caso a regulación axustada para conseguir os niveis de brillo fixados pola lexislación.
3. Automatizar e centralizar os acendidos e apagados mediante células fotoeléctricas en función da luz ambiente.
4. Instalar os equipos de medida necesarios para controlar o consumo.
5. Detectar perdas de enerxía e contrarrestar ou minimizar os efectos das baixas de subministro.
6. Actualizar as luminarias e báculos para optimizar o rendemento lumínico baixando o consumo e facilitando o mantemento e as reservas de repostos e accesorios.
7. Instalación de interruptores temporizados ou detectores de presenza en zonas de uso puntual.
8. Mellorar as canalizacións tendendo ao seu soterramento en condicións suficientes de protección e illamento, con previsión de ampliacións de futuro, etc.

Art. 34.- RESPECTO Á MOBILIDADE SUSTENTABLE

1. Fomentárase o transporte non motorizado para percorridos curtos aproveitando as rutas de sendeirismo ou as beirarrúas.
2. Fomentárase o uso de biocombustibles e o uso de vehículos con enerxías motrices alternativas.
3. Fomentárase o transporte público mediante campañas de concienciación e impulsárase a redución dos prezos e a mellora de servizos (compañías, frecuencias, etc.).

CAPÍTULO VI.- PAISAXE

Art. 35.- NORMAS DE PROTECCIÓN

1. O Concello exercerá un estrito control que evite a aparición de usos, instalacións ou infraestruturas non autorizados, que poidan degradar a calidade paisaxística e ambiental do ámbito.
2. Nos aparcadoiros previstos deberánse utilizar materiais e tratamentos adecuados para favorecer a súa integración ambiental e paisaxística. Deberán incorporar elementos vexetais (sebes, arbustos e arborado) que fragmenten a súa superficie evitando a visión de grandes extensións ocupadas por vehículos, permitindo ademais integrar estes espazos na contorna.

3. Tanto os proxectos de urbanización, na súa redacción, como os proxectos das edificacións e as conformación dos peches terán en conta a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos así como a Guía de cor e materiais de Galicia publicadas pola Xunta de Galicia.

TÍTULO VII.- NORMAS PARTICULARES DE ZONA

Art. 36.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. As determinacións particulares contidas neste Título, propias dunhas ordenanzas, regulan as condicións de parcela, os aproveitamentos, e os usos do solo e da edificación, en cada unha das zonas en que se dividiu o ámbito obxecto da modificación.

2. Para o non regulado no presente título estarase o disposto no vixente PXOM do Concello de Xove.

Art. 37.- DIVISIÓN EN ZONAS

1. De acordo coa zonificación establecida, o ámbito dividiuse en zonas, nas que serán de aplicación, en consonancia coas establecidas no PXOM as ordenanzas seguintes:

- Ordenanza 2 (O-2.3): Edificación residencial entre medianeiras
- Ordenanza 4 (O-4.3): Edificación Residencial en vivenda unifamiliar
- Ordenanza 6 (O-6): Espazos libres e zonas verdes.
- Ordenanza 7 (O-7): Equipamentos.
- Ordenanza 8 (O-8): Viario.

2. As zonas indicadas, se grafitan no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta".

Art. 38.- ORDENANZA 2 (O-2.3) – EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ENTRE MEDIANEIRAS

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As condicións que se establecen nos apartados seguintes serán de aplicación nas edificacións de nova planta das zonas grafadas no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta" coa denominación (O-2.3).

2. CONDICIÓN PARTICULARES DE EDIFICACIÓN

Para a ordenación da EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ENTRE MEDIANEIRAS, remítese ao indicado en Artigos 262 e 263 da Normativa do PXOM.

A ocupación e edificabilidade máxima por parcela está determinada polos límites establecidos de volumen e altura nos planos de ordenación así como polos vós permitidos polo PXOM en vigor para a ordenanza de aplicación e regulados polo artigos 153 e 154, correspondente a superficie edificable máxima establecida no cadro do plano "ORDE-01" para o ámbito M4 (solo suxeito á ordenanza O-2.3), e que en todo caso se xustificará no correspondente proxecto de reparcelación e que permitirán a construción de 3.890,74m2 edificables máximos.

3. CONDICIÓN DE USO:

Serán as establecidas para a O-2.3 na Normativa do PXOM do Concello de Xove as normas xerais e particulares de uso establecidas na normativa do PXOM coa particularidade de que para o solo urbano non consolidado serán de aplicación os límites establecidos pola vixente LSG.

Da superficie construída total, a planta baixa destinarase a usos diferentes do residencial e como mínimo 100m2 para uso comercial e 660,35 m2 cando menos a vivenda de promoción pública. Cuestións que se deberá xustificar no proxecto de reparcelación.

4. PRAZAS DE APARCAMENTO:

Reservaranse unha praza de aparcadoiro por cada 100 m2 edificables en terreo de titularidade privada.

Art. 39.- ORDENANZA 4 (O-4.3) – EDIFICACIÓN EN VIVENDA UNIFAMILIAR

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As condicións que se establecen nos apartados seguintes serán de aplicación de nova planta das zonas grafadas no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta" coa denominación (O-4.3).

2. CONDICIÓN XERAIS

a) TIPOLOXÍA: De acordo coas características que presentan as zonas de aplicación desta ordenanza, permítese a edificación illada, aparelada e apegada.

b) A fachada apegada, no caso de que o lindeiro non presente medianeira, deberá ter tratamento de fachada, para evitar medianeiras vistas indesexables.

c) Será obrigatorio o apegamento nos casos en que exista edificación colindante que presente medianeira. Se esta particularidade se dese en ámbolos lindes da parcela, a edificación levantarase entre medianeiras.

d) Tamén se permitirá o apegamento cando a dimensión do fronte da parcela sexa inferior ao esixido no Grao 2, ou cando responda a proxecto conxunto.

e) **PARCELA MÍNIMA:** Considerase parcela mínima edificable aquela que sexa capaz de permitir a edificación dunha vivenda de superficie mínima, tal e como se define na normativa de habitabilidade vixente e que cumpran cós RECUADOS mínimos esixidos. A efectos de parcelacións, reparcelacións e segregacións, as parcelas resultantes deberán cumprir as seguintes condicións sinaladas:

Tipoloxía	Parcela mínima (m ²)	Fronte mínima (m)	Diámetro mínimo inscribible (m)
ILLADA	400	12	12
APARELLADA	300	11	11
APEGADA	200	8	8

f) **ALIÑACIÓNS:** As aliñacións oficiais gráfase nos Planos de Ordenación.

g) **RECUADOS:** Os grafados nos planos de ordenación cun mínimo frontal de 3 metros e un máximo de 5m e laterais e fondo en situación non apegada de 3m.

h) **LIÑA DE PECHE:** Os novos peches situaranse na aliñación oficial para tal efecto grafada nos correspondentes planos.

i) **OCUPACIÓN E EDIFICABILIDADE:** A ocupación máxima será a resultando de cumprir os parámetros de aliñación e recuados establecidos neste artigo e a edificabilidade máxima para cada zona segundo se establece no cadro de características incluído nos planos de ordenación, e que en todo caso se xustificará no correpondente proxecto de reparcelación. No caso de futuras alteracións das parcelas cumpríranse as seguintes prescricións:

i-1) No caso de agregacións, a edificabilidade máxima da parcela resultante será a suma das superficies máximas edificables das parcelas agregadas.

i-2) No caso de segregacións ou divisións, sen prexuízo de cumprir as condicións legalmente exixibles ao efecto (dimensións mínimas de parcela, etc.), a superficie edificable máxima de cada unha das novas parcelas será a resultante de distribuír a superficie edificable máxima da parcela matriz entre as ditas parcelas en proporción á superficie de cada unha destas."

j) **ALTURA MÁXIMA DE CORNIXA:** A altura máxima de cornixa será de 7 metros equivalente a baixo e planta.

k) **SAÍNTES O VOOS:** Permítense, cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 153 e Artigo 154 da Normativa do PXOM do Concello de Xove.

l) **SOTOS E SEMISOTOS:** Autorízanse sotos e semisotos cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 159 e Artigo 160 da Normativa de PXOM do Concello de Xove. Salvo que se destinen a garaxe ou instalacións do edificio, os sotos e semisotos computarán edificabilidade.

m) **APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA:** Permítense aproveitamentos baixo cuberta, cumprindo as condicións xerais establecidas no Artigo 149 da Normativa do PXOM, computando sempre edificabilidade.

n) **EDIFICACIÓNS AUXILIARES:** Permítense edificacións auxiliares, destinadas a garaxe e rocho. Estas edificacións serán de planta baixa, cunha altura máxima de 2,5 metros e de 3,50 metros ao cumio e unha ocupación máxima en planta de 40 m². Estas edificacións poderán situarse exentas, en contacto co peche do lindeiro sen prexuízo a terceiros ou apegadas á edificación principal sempre que non se sitúe a menor distancia da aliñación da fachada do edificio principal que de fronte ao viario e con permiso do colidante. As edificacións auxiliares computarán edificabilidade en tódolos casos.

o) **CONDICIÓNS DE USO:**

p) Serán as establecidas para a O-4 na Normativa do PXOM do Concello de Xove as normas xerais e particulares de uso establecidas na normativa do PXOM coa particularidade de que para o solo urbano non consolidado serán de aplicación os límites establecidos pola vixente LSG.

3. PRAZAS DE APARCAMENTO:

Reservaranse unha praza de aparcadoiro por cada 100 m² edificables en terreo de titularidade privada.

4. CONDICIÓNS ESTÉTICAS

Serán as establecidas para a O-4 na Normativa do PXOM do Concello de Xove. En todo caso, a efectos de buscar a armonía do conxunto e calidade na construción procurarase a unidade no deseño e materiais das edificacións e unha única tipoloxía de peche.

Art. 40.- ORDENANZA 6 (O-6) – ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS**1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Esta Ordenanza será de aplicación nas zonas grafadas no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta" coa denominación (O-6) e na zona verde do sistema xeral adscrita o sector 07-SN-P2.3.

2. REGULACIÓN.

Resulta de aplicación para esta Ordenanza o determinado nos artigos 235, 239 e 240 da Normativa do PXOM do Concello de Xove. De acordo coa cualificación establecida no plano de zonificación "ORDE-01", as devanditas zonas deberánse acondicionar como xardíns, cumprindo as condicións propias de tal clase de espazos, reguladas no art. 70 do RLSG

Art. 41.- ORDENANZA 7 (O-7) – EQUIPAMENTOS**1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Esta Ordenanza será de aplicación nas zonas grafadas no Plano ORDE-01, "Zonificación proposta" coa denominación (O-7).

2. CONDICIONES DE EDIFICACIÓN.

Resulta de aplicación para esta Ordenanza o determinado nos artigos 241 a 243 da Normativa do PXOM do Concello de Xove.

Art. 42.- ORDENANZA 8 (O-8).- VIARIO**1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Esta ordenanza será de aplicación á rede viaria comprendida no ámbito grafada no Plano MP ORDE-01, "Zonificación proposta", coa denominación (O-8).

2. CONDICIÓN DE USO.

A rede viaria cumprirá as condicións establecidas no Capítulo III do Título I das Normas 7 "Normas Particulares" do PXOM do Concello de Xove.

Xove, 9 de maio de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1269

FUNDACIÓN MARTÍNEZ OTERO*Anuncio***SUBASTA DE UNA (1) PROPIEDAD DE LA FUNDACIÓN MARTÍNEZ OTERO**

De conformidad con el acuerdo adoptado por la Junta de Patronato de la Fundación Martínez Otero, de fecha 06 de junio de 2023, por medio del presente anuncio se efectúa convocatoria de la subasta para la enajenación de 1 inmueble en el término municipal de Lourenzá.

1. Entidad adjudicadora:

- a) Organismo: Fundación Martínez Otero
- b) Dependencia que tramita el expediente: Junta de Patronato.
- c) Obtención de documentación e información:
 - Dependencia: Administración.
 - Domicilio: C/ Paco Maañón nº 12
 - Localidad y Código Postal: Foz. 27780
 - Teléfono: 982140028 – 669516370
 - Correo electrónico: administración@martinezotero.es

2. Objeto.

- a) Venta mediante subasta al alza de 1 inmueble urbano patrimonio de la Fundación Martínez Otero.
- b) División de lotes: **Lote nº 1.**

"PZ Linares Rivas" 8

27760 LOURENZÁ (Lugo)

Clase: URBANO

Uso principal: Residencial

Superficie Construída: 208 m2

Año Construcción: 1837

Referencia Catastral: 7748021PJ3174N0001YF

Superficie gráfica: 104 m2

Tipo: Parcela construída sin división horizontal

3. Tramitación y Procedimiento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: abierto.

c) Forma: Subasta al alza.

4. Precio de licitación al alza.

Lote nº 1: 26.000 €

5. Garantías:

Los interesados en acceder a la subasta deberán depositar en el momento de la entrega de su oferta 300 € como tasa de participación. En el caso de ser aceptada su oferta por alguno de los lotes le será descontada dicha cantidad.

6. Presentación de ofertas:

a) Plazo: Del 19 al 23 de mayo de 2025.

b) Modalidad de presentación: Las ofertas se presentarán por escrito en sobre cerrado

c) Lugar de presentación: Administración Fundación Martínez Otero.

7. Mesa Adjudicadora de la Subasta:

Apertura de ofertas: Primeramente en **sesión no pública** se celebrará Mesa de Adjudicación para la apertura de los sobres con las ofertas económicas. Posteriormente la Mesa procederá a la adjudicación de las propiedades a la oferta más alta entregada sobre el precio mínimo concertado. En el caso de que ninguna oferta llegue a las cantidades mínimas establecidas o no se presenten ofertas por alguno o todos los inmuebles, la subasta se declarará “desierta” para esa inmueble en cuestión o la totalidad.

Mesa Adjudicadora:

Presidente: D. José Gonzalo Varela Alvariño (Presidente Fundación Martínez Otero)

Secretario: D. Marcos Fernández García (Secretario Fundación Martínez Otero)

Vocal 1: Dña. Beatriz Fernández Uría (Vocal Fundación Martínez Otero)

Vocal 2: D. Manuel Benito González Alonso. (Administrador Fundación M. O.)

Vocal 3: D. José Ramón García Yáñez. (Vocal Fundación Martínez Otero)

Fecha y lugar de la Subasta:

El 26 de mayo de 2025, a las 12:30 horas, en la sala de reuniones de la Fundación Martínez Otero.

El resultado de la subasta se hará público a partir del 28 de mayo de 2025.

(tablón de anuncios del CPR Martínez Otero y página web “www.martinezotero.es”)

Previamente será comunicado a aquellos que presentasen ofertas, de manera individual por el secretario de la Mesa Adjudicadora, y con la entrega de copia del acta de la subasta celebrada.

8. Acceso a la información:

Los interesados en participar en la subasta podrán obtener información en la administración de la Fundación Martínez Otero y en la dirección de correo electrónico administración@martinezotero.es hasta el día que finaliza el plazo de presentación de ofertas.

Foz, 9 de mayo de 2025.- El Presidente del Patronato de la Fundación Martínez Otero, D. José Gonzalo Varela Alvariño.